

Saída didáctica do alumnado de 4ºESO-B. Destino: o Courel (por Carla Iglesias Ferreirós)



O alumnado de 4ºESO-B, despois dunha longa viaxe en autobús, o pasado mércores 8 de xuño, chegamos ao noso destino: o Courel. Ao longo de dous días, acompañados polo noso caderno de viaxe, realizamos diversas

actividades; se ben, o caderno pronto pasou a un segundo plano pois centrámonos máis en desfrutar.

Comenzamos por empaparnos, non só da cultura do Courel senón tamén da choiva. Logo visitamos a fundación de Uxío Novoneyra, onde percorremos as estancias do que no seu día fora a casa deste poeta e coñecemos as funcións das distintas partes da vivenda. Fixemos unha parada en Seoane para almorzar e, cando xaíamos rumbo ao río Lor para camiñar pola súa beira e adentrámonos no Val das Mouras, Berna deuse conta de que esquecera o seu móbil en Seoane, así que tivemos que regresar. A sorte acompañounos porque o teléfono seguía no mesmo lugar.



Durante as pequenas rutas do primeiro día, aprendemos a diferenciar as distintas árbores guiándonos polas súas follas. Ao final da tarde, fomos para o albergue, en Folgoso. Despois de instalarnos e cear, compartimos contos todos xuntos nos arredores do albergue. As nosas lerias alongáronse un pouco máis do previsto, así que un par de horas despois era o momento de espertar e ir almorzar, pois tiñamos que coller forzas para facer unha camiñata pola Devesa da Rogueira.

Alí, no inicio da ruta, aprendemos a guiarnos polo monte seguindo as indicacións e lendo un mapa. Despois de esvarar moitas veces, cheos de calor e cansazo,

logramos chegar ao autobús, para emprender a nosa viaxe de regreso. Logo dunha pequena parada no Cebreiro e unha sesta un pouco máis longa, chegamos ao lugar do que partiramos, Rianxo.



Se de algo nos serviu esta saída didáctica foi para disfrutar da paisaxe, coñecer a cultura que este fermoso lugar recolle e fortalecer o noso compañeirismo.

